



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



I.E.S. Lama das Quendas  
R./ Uxío Novoneyra s/n  
27500 - Chantada (Lugo)

Tel.: 982870223 – Fax: 982870233  
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas  
ies.lama.quendas@edu.xunta.es

## PLANIFICACIÓN PROFESORADO

<b>Nome e apelidos profesor/a:</b>	Felipe Castro Pérez
<b>Departamento didáctico:</b>	Xeografía e Historia
<b>Correo electrónico:</b>	fecastrop@gmail.com

<b>Materia:</b>	<b>Xeografía e Historia</b>		
<b>Curso:</b>	2º ESO	<b>Grupos:</b>	A e B

### Descrición das tarefas

No período comprendido entre o 1 e o 10 de xuño o alumnado deberá realizar actividades de reforzo, relacionadas coa Primeira Avaliación, tendo unha nova oportunidade para recuperar esta avaliación, no caso de non telo feito no primeiro período de maio.

As **actividades de reforzo** son para que as alumnas/os que suspenderan esa avaliación poidan recuperala e, polo tanto, **van destinadas exclusivamente e esas alumnas/os coa Primeira Avaliación suspensa, que non a tivesen recuperado en períodos anteriores**. As actividades de reforzo son as seguintes: TEMA 6, apartado 2, actividade 1; apartado 3, actividade 2 e 8; apartado 4, actividade 4; apartado 5, actividade 2; apartado 6, actividade de síntese; TEMA 7, apartado 1, actividades 1 e 2; apartado 2, actividade 3; apartado 3, actividade 3 e 5; apartado 4, actividade 1; TEMA 8, apartado 1, actividade 4; apartado 2, actividade 2; apartado 4, actividade de síntese.

**As actividades de ampliación son para que o resto de alumnas/os, os que superaron a Primeira Avaliación, poidan, con carácter voluntario, subir a súa nota final**. Trátase de facer un traballo sobre o Camiño de Inverno a Santiago de Compostela, dunha extensión aproximada de 5-6 folios, incluíndo imaxes e portada, no que busquen información rigorosa a través da rede sobre a temática proposta dun nivel non especializado. Valorarase especialmente a presentación, a ortografía, o coidado na redacción e na capacidade de expresión e o interese e curiosidade por aumentar coñecementos e presentalos dun xeito ameno.

A **data de entrega** é o **10 de xuño**.

**Para todas as alumnas/os**, co obxecto de fomentar a necesaria competencia dixital, e tendo en conta que estamos a falar de persoas que participan desde fai anos en programas de dixitalización financiados pola Consellería de Educación e que todas/os elas teñen unha ordenador a súa disposición, **os traballos deben ser presentados empregando os programas ofimáticos a súa disposición nesas portátiles ou outros programas tipo Word ou PDF, e enviados ao enderezo de correo que figura arriba, non sendo aceptados aqueles realizados en libreta e remitidos mediante fotografías das mesmas**. Nese senso, **será tida en conta a presentación e a necesaria corrección ortográfica e gramatical**.

Por último, estamos detectando moitos problemas no que se refire á **localización xeográfica básica**, co que recomendamos ás alumnas/os que traballen co seguinte recurso educativo: <http://serbal.pntic.mec.es/ealg0027/mapasflash.htm>, para que, dun xeito lúdico, poidan mellorar neste aspecto (os apartados Galicia, España, Europa, Unión Europea, América do Norte, América do Sur, África, Asia e Oceanía). Non é necesario enviar nada en relación con esta última proposta, só se trata dun consello para coller unha mellor base de cara a cursos vindeiros.

### Recursos (apuntes, exercicios, ...)

Libro de texto dixital e enlace a recursos xeográficos do MEC:  
<http://serbal.pntic.mec.es/ealg0027/mapasflash.htm>

